

## Revista **Telmus 4**

**"Telmus". Anuario do Instituto Teolóxico San Xosé / Seminario Maior San Xosé. Vigo. 4/2011, ISSN 1889-0237, Vigo 2012, 282 páxinas.**

Saíu da imprenta o cuarto volume, correspondente a 2011, de "Telmus", o Anuario do Instituto Teolóxico e do Seminario Maior de Vigo.

O volume está articulado en cinco apartados: I. Estudos sobre o sacerdocio (preparando o 50 aniversario de "Presbyterorum Ordinis", recordando así a conmemoración do Concilio Vaticano II). II. Outros Estudos. III. Comentarios. IV. Memoria do Curso Académico 2010-2011 e V. Rencension e reseñas.

A sección de "Estudos sobre o sacerdocio" comprende os seguintes artigos: "De 'Presbyterorum Ordinis' a Benedito XVI", a cargo de Lucas F. Mateo-Seco; "A exemplaridade da Liturxia Episcopal", de Jaume González Padrós e "Formación dos candidatos ao sacerdocio e discernimento da súa idoneidade", de Anxo Marzoa.

A sección de "outros estudos" abarca un primeiro bloque - "Xornada Bíblica" - con textos de Antonio Menduiña, Uxío Nerga Menduiña e Xosé Vidal. Os tres artigos versan sobre a edición da Biblia da Conferencia Episcopal Española.

Na mesma sección preséntanse colaboracións de: Guillermo Juan Morado, "Cada crente, un eslabón na gran cadea dos crentes"; J. A. Fontes, "As asociacións de fieis e a pastoral diocesana e parroquial"; J. Casás, "Credibilidade da mensaxe cristiá"; L. Lemos, "Ideoloxización icónica nos proxectos educativos"; A. Pazos Herrán, "Os católicos ante a política"; M. de Santiago e González, "Dignidade da muller. Mulleres reformadoras, testemuñas cribles do amor de Deus" e J. M<sup>a</sup> Vázquez Pérez-Peñuela, "O laicismo democrático radical ou o retorno á confusión entre Estado e Relixión".

A sección de "Comentarios" versa sobre as "Normae de Gravioribus Delictis", da Congregación para a Doutrina da Fe. S.E.R. Mons. Juan Ignacio Arrieta, Secretario do Pontificio Consello para os Textos Legislativos, comenta estas novas Normas.

José Vidal fai a "Memoria do curso académico 2010-2011" e, finalmente, en "Recension e reseñas", dáse noticia de once libros publicados recentemente sobre materias relacionadas cos estudos eclesiásticos.

"Telmus", xa no seu cuarto número, emprende, así o cremos, a senda da madurez.

-Texto traducido-

Guillermo Juan Morado.

---

Telmus. Anuario do Instituto Teolóxico San José / Seminario Maior San José, Vigo, 4/2011, ISSN 1889-0237, Vigo 2012, 282 páxinas.

Estrada. de Madrid 8, 36214 Vigo. Tlf/Fax 986 412 666

E-mail: [seminariomayorvigo@telefonica.net](mailto:seminariomayorvigo@telefonica.net).

Subscripción: Unión Europea, 35 euros; Otros países: 45 \$ USA.